

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se convocan bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, bolsas de prácticas para os recentemente titulados en especialidades agrarias, forestais, veterinaria, tecnoloxía dos alimentos e bioloxía e bolsas de prácticas para alumnos e recentemente titulados de formación profesional da familia agraria.

Advertidos erros na citada orde, publicada o día 23 de febreiro de 2009 no *Diario Oficial de Galicia* nº 37, cómpre efectuar as seguintes correccións:

No artigo 3.4º, páxina 3.772, onde di: «Para todas as categorías de bolsas entenderase por recentemente titulado aquela persoa que obtivese a titulación entre o mes de xuño do ano 2008 e a data de remate do prazo de presentación de solicitudes destas bolsas.», debe dicir: «Para todas as categorías de bolsas entenderase por recentemente titulado aquela persoa que obtivese a titulación entre o mes de xuño do ano 2007 e a data de remate do prazo de presentación de solicitudes destas bolsas».

No anexo I, páxina 3.776, onde di: «Titulado no ciclo medio de elaboración de viño e outras bebidas», debe dicir: «Titulado no ciclo superior de industria alimentaria ou titulado no ciclo medio de elaboración de viño e outras bebidas».

Orde do 20 de febreiro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes previsto na Orde do 29 de xaneiro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia e se convocan para o ano 2009.

A Consellería do Medio Rural convocou, para o ano 2009, as axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia mediante a Orde do 29 de xaneiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro).

No artigo 23 da dita orde, establécese que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Debido á cuantiosa e, en ocasións, complexa, documentación que teñen que presentar os beneficiarios destas axudas, e tendo en conta que a convocatoria correspondente ao ano 2009 é a primeira ao abeiro da nova normativa que desenvolve a Organización Común do Mercado Vitivinícola, OCM, considérase necesario ampliar o prazo máximo de presentación de solicitudes establecido na antedita orde.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Amplíase ata o día 20 de marzo de 2009, incluído este, o prazo de presentación de solicitudes de axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia para a convocatoria 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2009.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, e se convocan para o ano 2009.

A Consellería do Medio Rural publicou o 25 de setembro do 2007 a Orde do 21 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, e se convocan para o ano 2007. Estas axudas convocáronse amparadas no Regulamento (CE) 1698/2005 relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), así como na normativa comunitaria sobre axudas de estado, e enmárcanse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, eixe 1, co código 124.

A entrada en vigor da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como a experiencia adquirida na xestión destas axudas durante o ano 2007 fixo conveniente introducir algunhas modificacións que afectaban o sistema de xestión, polo que a Consellería do Medio Rural publicou a Orde do 23 de abril de 2008 (DOG nº 83, do 30 de abril) pola que se modificaban as bases establecidas na do 21 de setembro de 2007 e se convocaban as axudas para 2008.

A existencia de dúas ordes en que se regulan as bases da convocatoria anual de axudas, xunto coas súas respectivas correccións de erros, aconsella a